

Faro de Vigo utiliza cookies propias y de terceros para mejorar su experiencia de navegación y realizar tareas de analítica. Si continúa navegando, entendemos que acepta nuestra política de cookies. ✓

Hemeroteca | Suscríbete | Clasificados | Viernes, 12 julio 2013 | Cartelera | TV | Tráfico | Identifícate / Regístrate

FARO DE VIGO

Vigo
25 / 16°

Local | Galicia | Actualidad | Deportes | Economía | Opinión | Ocio | Vida y Estilo | Comunidad | Multimedia | Servicios

Gran Vía | Comarcas | **Morrazo** | Pontevedra | Deza-Tabeirós-Montes | Arousa | Ourense

Faro de Vigo » O Morrazo

VOTE ESTA NOTICIA ☆☆☆☆☆

8+1

Tweet 2

Recomendar 47

'Precísase conciencia histórica para ter conciencia política'

O catedrático deu unha charla en Cangas sobre os monumentos antifranquistas

Ana Martín | Cangas | 12.07.2013 | 08:52

JOHN THOMPSON - Profesor da Universidade de Montana

John Thompson considérase a sí mesmo un produto da diáspora galega, xa que foi o segundo matrimonio do seu avó cunha galega o que o trouxo no ano 88 a Santiago, onde estudou Filoloxía Hispánica. O salón de plenos do Concello de Cangas tivo onte como invitado a un home que deixou de facer literatura para entrar no terreo da socioloxía e da antropoloxía. Comprometido coa memoria das vítimas do franquismo e preocupado pola transmisión desta época ás novas xeracións, o profesor estadounidense deu onte unha charla coloquio sobre os monumentos conmemorativos contra a represión franquista. Nos dous anos que leva traballando neste proxecto grabou máis de douscentas horas de entrevistas que culminarán nun libro e nun documental que pretenden espertar a conciencia política das novas xeracións a través da memoria histórica. Onte mesmo entrevistou a familiares de vítimas en Cangas.



John Thompson, onte, no monumento á Liberdade en Cangas. // G.N.

- De onde vén o seu interese pola represión franquista?

- Na escola non se trataba este tema, pero a través dunha profesora particular que tiven que me daba clases de lingua e que sacaba temas políticos coñecín a Guerra Civil, que me interesou dende o principio. Gracias a esta señora simpaticei de forma natural cos que sufriran esa inxustiza e rexeitei a aqueles que a causaran.

- Qué o que o levou a escribir sobre a represión franquista e a estudar os seus monumentos?

- A preocupación por a transmisión da memoria, porque sen conciencia histórica non pode haber unha conciencia política progresista. Se se omite a etapa franquista o pensamento democrático acábase. A memoria destes eventos traumáticos radicaliza a sociedade. Crea ideais e proxectos revolucionarios.



Publicidad
Want to advertise here?
Your ads can be published in this space. Now for sale in the USA. Click to get more info www.pan-ads.com



Deportes Morrazo



El Frigoríficos realizó ayer su primera sesión preparatoria en

El Frigoríficos, a por su primera final

Comentar

El equipo cangués busca un triunfo ante el Bidasoa que lo acerque a la permanencia



El Servi-Auto, a romper su racha

Los de Irene Vilaboa, con la baja de Moncho, reciben al Lalinense

Cando acabei o meu libro "As novelas da memoria" comecei a ver monumentos., era un medio estético a través do cal se divulgaba a memoria traumática causada polo franquismo. Era algo que descoñecía e que non apreciaba pero sabía que era importante.

- Cantos monumentos antifascistas hai en Galicia e cantos están no Morrazo?
- Os monumentos que entran no meu estudo teñen que ter unha intención artística, para acotar o terreo. Teño censados trinta. Nesta zona hai dous: o de Johán Carballeira en Bueu e o Monumento Memorial de Liberdade en Cangas.
- Para recopilar a información sobre cada un dos monumentos, a quen entrevistou?
- Por un lado interésame entrevistar aos artistas, saber o que eles quixeron dicir. A calidade artística non importa, o que me interesa é a capacidade de transmisión que teñen os monumentos. O segundo grupo o formarían as persoas que levaron a cabo a iniciativa de erguer os monumentos, que ás veces son asociacións de memoria e ás veces son políticos. Por último están os descendentes das vítimas que se ven reflectidos directamente nos monumentos e a xente que estivo e está vencellada coa conmemoración, que está sensibilizada e que lle da un significado ao monumento.
- Por qué é necesario escribir sobre estes monumentos?
- Un lugar de memoria pode ser un lugar físico pero pode ser tamén un libro, un disco ou unha entrevista. Para min os que son espazos físicos son esenciais porque están a vista. Os monumentos representan o apoio da xente e o apoio das institucións. Para a xente que non le ou que non va ó cine, o único estímulo que quizáis teñan desa memoria son estes lugares.
- A xente sabe o que significan estes monumentos?
- Hai unha tendencia de facer monumentos e deixalos alí, sen institucionalizar unha continuidade. Os monumentos son efectivos só si os lugares nos que están ubicados son concurridos de maneira ritual ou de maneira frecuente por actos de difusión da memoria. Hai casos de monumentos que se fixeron e se deixaron, sen unha ritualización da memoria. - facer monumentos sen continuar rememorando nos lugares nos que están ubicados reflicte unha falacia, unha idea equivocada: que os monumentos pensan por nós, que recordan por nós. Hai unha tendencia a facer un monumento e desfacerse da memoria, lavarse a conciencia. Se da por sentado que unha vez que se fai o monumento se gana a batalla, e non, o monumento é un primeiro paso e despois hai pasos ata a eternidade. Nunca se pode acabar, nunca pode haber un último paso. Se pensamos que os monumentos pensan por nós se poden volver contraproductivos.
- Cal é a finalidade do seu traballo?
- Chamar a atención a estes lugares de memoria e levantar máis conciencia sobre estes lugares. Cando se fai un lugar de memoria é para que sexa eterno, para crear as bases sociais para que a xente empatice coa memoria e vexan ese lugar como fundamental para ratificar no imaxinario democrático da sociedade.

Publicidad



Online Advertisers

Now you can use this space to advertise your product in the USA. Click to get more info www.pan-spain.com



Want to advertise here?

Your ads can be published in this space. Now for sale in the USA. Click to get more info www.pan-ads.com



Advertise Here

Now you can use this space to advertise your product in the USA. Click to get more info www.pan-anuncios.com



El concello finaliza la reparación de la cubierta y la nueva pista de O Gatañal

La inversión alcanza los 85.000 euros entre ambas actuaciones



El ADFS Bueu busca un triunfo ante el Xove que lo acerque a la salvación

La Agrupación Deportiva fútbol Sala Bueu afronta esta tarde (16.45 horas, pabellón Pablo Herbello...



El Samertolaméu viste de largo a sus canteranos

La Sociedad Deportiva Samertolaméu de remo vistió de largo ayer a sus deportistas de categorías...



Los pivotes y Azkúe, armas irundarras

El Bidasoa basa su juego ofensivo en su capacidad en los seis metros y en su central

[▶ Todas las noticias de Deportes Morrazo](#)

Humor



Las viñetas de FARO

Publicidad



Want to advertise here?

Your ads can be published in this space. Now for sale in the USA. Click to get more info www.pan-ads.com



Enlaces recomendados: Hoteles Baratos | DEPOSITOS Open 4% | Oscars | Premios Goya

FARO DE VIGO

[Mapa web](#)

Gran Vigo

- Galicia
- Ocio en Vigo
- El tiempo
- Tráfico en Vigo
- Cartelera de cine
- Celta de Vigo

Clasificados

- Iberpisos
- Iberanuncio
- Ibercoches
- Iberempleo

Especiales

- Lotería de Navidad
- Lotería el Niño
- Fórmula 1
- Premios Oscar
- Canal Esquí
- Premios Goya

farodevigo.es

- Contacto
- Conozcanos
- Localización
- Club Faro de Vigo
- Aviso legal
- Política de cookies
- RSS

Publicidad

- Tarifas
- Contratar

Otras webs del Grupo Editorial Prensa Ibérica

Diari de Girona | Diario de Ibiza | Diario de Mallorca | Empordà | Faro de Vigo | Información | La Opinión A Coruña | La Opinión de Málaga | La Opinión de Murcia | La Opinión de Tenerife | La Opinión de Zamora | La Provincia | La Nueva España | Levante-EMV | Mallorca Zeitung | Regió 7 | Superdeporte | The Adelaide Review | 97.7 La Radio | Euroresidentes | Lotería de Navidad | Oscars | Premios Goya